


2.º premio do VII Concurso literario *Mazarelos* (2021)

Sara Porto Puente

Tarde



TARDE

Perdín o tren e a noite ri. Ri sen vergoña mentres apaga o mundo para non deixar durmir ninguén.

Estou cansa e penso nas distancias que unen e separan todo, a xente e a non xente. Ó meu carón hai un vello que me mira coma se me quixese falar. Sepáranos-la distancia do descoñecemento, mais sei que só me quere dicir que el tamén está só nesta noite trágica. Un minuto. Conversamos, coñecemos aquela tristura nosa que só asoma na escuridade e porén non significou nada, imaxino que pola ausencia de ruído, porque non abrímo-la boca. Hoxe dixéronme que a telepatía non existe.

Que pode facer unha cando está perdida no tempo, desobedecendo os horarios do día, ignorando o sono e con ganas de vivir? Ogallá sabelo, mais só sinto o medo de non dar chegado nunca máis a calquera dos lugares ós que pertenzo. Mañá é domingo e como (comía) na casa. Cando era nena, dicíame miña nai que a xente que se perde torna en cidade, a reencarnación dos tempos modernos: “Cólleme da man, anda!”, entre os corredores do súper, e eu a correr co medo de me transformar en xouba se quedaba pampa mirando os peixes mortos da sección de conxelados. Xa non son nova, pero aínda teño medo de perde-la nai.

Agora pénsoo triste, todo é cidade, e a cidade é o ciclo de ir dun lado a outro. En verdade, de acordo co dicionario, “asentamento humano cunha elevada densidade de poboación”, que vén se-lo mesmo, pois canta máis xente máis movemento. Tamén máis corazóns perdidos. Ás veces, un ten sorte e convértese nunha baldosa: tranquila, inmóbil e dorida polos golpes dos que circulan furiosos dun lado a outro. Pero estar quieta tamén é canso. Non sei como aguantou Buda nin cal é a solución ó problema. Por sorte sei que teño fame.

Vou ó café máis preto de min, camiñando cara a arriba, coma sempre nesta cidade complicada. Nada está aberto xa, ou, se o está, está baleiro. Non quero se-la última sombra dunha noite triste en ningures. Só camiño cara a adiante, mesturando olladas cos vidros que agochan a calor de quen necesita tornar á casa.

Os milagres do novo mundo, da luz eléctrica e dos frigoríficos azuis salvan as miñas tripas coléricas. A marabilla da oferta infinita enche estes ollos demasiado cansos para decidir. Azar. Nacín un trece de febreiro entre treboadas nocturnas e berros da nai. No segundo frigorífico, número trece, atopo unha palmeira escura derretida pola calor interna da lembranza do trópico, perdida agora no frío dun país alleo. Cae no abismo onde estou eu e, despois, no meu propio abismo. Se considerámo-la fame como problema fundamental, podería incluso dicir que hoxe o día vai ben.

As rúas baleiras son un museo, cheas de vidreiras e escaparates de pedra, custodios da intimidade humana. Que fai a xente cando non dorme? O meu afillado chora, pero el é un neno e aínda non é xente, só é. Ogallá durmir na casa, apoia-la cabeza na almofada de toda a vida, que xa está acostuada a min; sentir no ar a chegada do sol polo recendo a vida e non poder chorar porque estou demasiado acompañada. Romantiza-la soidade debería ser un problema de saúde.

Que collóns estou facendo, no medio da nada e cun tren fuxido. Quedan horas para me poder mover, así que sento e quedo quieta. Sinto rabia e Cristo acompañándoa. Cando estou enfadada son católica. Deus case perdoou xa o meu ateísmo palpitante, díxome o outro día, mentres lle berraba pola merda de fado que me envía. “Cando morras irás ó Paraíso, prométocho, porque en verdade cres en min”. A miña reacción pasou por dúas fases: primeiro, de que me sirve ir ó Paraíso, digo, se eu non quero morrer, só quero vivir e, segundo, non é certo que crea nel, pero necesito alguén a quen lle berrar cando me enfado e, dende hai un tempo, Deus é o único que me escoita. De tódalas formas, a avoa estaría un pouco orgullosa se soubese isto. Ela, que sempre me protexeu coa cruz enriba da cabeceira da cama. Antes, eu non necesitaba deus ningún, e hoxe agardo o momento en que me diga que son boa, que estou ben feita e que os problemas de ira son só cuestión das circunstancias, unha proba. Borro este último pensamento. Non necesito nada. Enfádome, agora si, un pouco por todo. Mal parágrafo para cando se publiquen as miñas memorias.

No pequeno parque onde estou sempre hai gatos. Se miro ben vexo polo menos tres, pero só cando me miran tamén e os seus ollos escintilan, a reafirmaren a súa denominación como estrelas da terra. Hoxe, a humidade cheira a loito e levántome para

busca-la orixe. A tres metros de min, preto da fonte, unha pomba descansa nos brazos da morte. Ten unha ollada triste, asustada, coma quen non asume a tempo que chega a súa hora. É moi probábel que a pomba sexa un borracho que se perdeu buscando a súa casa, que chegou aquí a descansar, ó comezo só un par de noites, pensaba, ata que esqueceu que facía alí e que buscaba. Entón converteuse en pomba como dicía miña nai. O problema é que, cando un é maior, é moi complicado aprender a manexar un corpo novo, dá igual que sexa de ave ou de verme. Eu creo que sería capaz, mais prefiro non me arriscar. Os gatos obsérvanme analiza-la súa vítima, marcada para sempre por unha ferida aberta no ventre da cal saen demasiadas vísceras para un animal tan pequeno. Falta o fígado.

A morte é unha cousa ben complicada. Hai anos, escoitei non sei onde que, pouco antes de morrer, un par de días, sentes máis enerxía do normal e estás máis alegre. Foderíame o feito de me atopar así, pensar que por fin vou ser feliz e, ó final, morrer. Outra broma da vida. E tampouco non creo que puidese morrer tranquila, por moito que digan das hormonas e esas cousas. Ninguén quere morrer por moito que saiba que é o que toca, así que eu xacería no fondo da terra con cara de pomba, poñendo tristes os vermes que quixesen comerme o corpo. Non quero morrer pero hoxe o ar cheira a loito. Teño medo.

O peor do mundo sería morrer sen volver á casa. Sen volver nunca máis, digo, e aparecer na terriña de súpeto, nunha caixa de piñeiro, que non hai diñeiro para máis. Morrer aquí coma estranxeira, coma sombra, coma nada.

Sen patria nin saída, deixo pasa-las horas coa esperanza gravada na fronte como última fronteira. Mañá, mañá será distinto. Hoxe durmo no parque, só un par de días.